

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 10 DE DECEMBRO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dez de decembro de dous mil dezaoto; as dez horas e vinte minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro , Don Javier Iglesias Sendín, Dona María López Touza

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado tres de decembro do dous mil dezaoto (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

**Licenza de obra para derrube de inmovible na rúa San Francisco nº5**

Visto o artigo 335.5 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia:” A emisión das ordes de execución non exime da obriga de obter o título habilitante municipal que resulte preceptivo en función da actuación que se tiña que desenvolver”

Considerando que con data de 22 de novembro de 2018 a Alcaldía ditou o seguinte decreto :

“No expediente consta informe da Arquitecta Municipal no que se indica respecto a edificación sita en San Francisco nº5:

“A vista do estado actual da edificación , considerase que non se cumpre o esixido no artigo 135 Deberes de uso, conservación e rehabilitación da Lei 2/2016 , do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Para evitar o derrube incontrolado e ,por tanto, danos á edificación colindante e ós usuarios do vial público , considerase que deberá actuarse de forma urxente, realizando o derrube da edificación.

Dada esta situación de urxencia , que pode ser agravada polas condicións climatolóxicas propias do outono, para a obtención da correspondente Licenza de obras bastará coa presentación dun orzamento de execución e do Oficio de designación de director de obra”

Visto o artigo 56.2 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas: “ antes da iniciación do procedemento administrativo ,o órgano competente para iniciar ou instruír o procedemento, de oficio ou a instancia de parte, nos casos de urxencia inaplazable e para a protección provisoria dos intereses implicados, poderá adoptar de forma motivada as medidas provisionais que resulten necesarias e proporcionadas”

Visto o artigo 21.1.M) da Lei Reguladora de Bases de Réxime local : “ o alcalde é o presidente da corporación e ostenta as seguintes atribucións: adoptar personalmente , e baixo a súa responsabilidade , en caso de catástrofe ou infortunio público ou grave risco dos mesmos , as medidas necesarias e acaídas dando conta inmediata ó pleno”

#### ACORDO:

- Requerir para que de forma inmediata pola propiedade do inmovible, dona Concepción Fidalgo Durán, se presente no concello un orzamento de execución e un oficio de designación de director de obra e no prazo máximo de dez días naturais dende a recepción da notificación da presente se proceda á demolición da edificación.
- Notificar a presente resolución a dona Concepción Fidalgo Durán con réxime de recursos.
- Advertir que no caso de non adoptar ditas medidas no prazo de dez días naturais a contar dende o seguinte á recepción da notificación se poderá proceder á imposición dunha multa coercitiva de 1000 euros.”

Considerando que con número de rexistro de entrada no concello 5636 de 5 de decembro de 2018 dona Concepción Fidalgo Durán presenta escrito no que expón “ En relación á notificación recibida o 24 de novembro de 2018 , con saída nº 2406 e emitida polo Ilmo concello de Ribadavia” ; Solicita: “ Dada a situación de emerxencia , presentase Memoria Valorada e oficio de Dirección para a obtención da correspondente licenza de obras para executar o derribo da edificación obxecto do expediente” e adxunta “ Memoria valorada para derribo de inmueble en rúa San Francisco 5 Ribadavia “ redactado polo arquitecto don Andrés Novoa Pérez, nº de Colexiado do Colexio de Arquitectos de Galicia 4695 e oficio de Dirección de obras a nome do mesmo arquitecto.

Visto o informe da arquitecta municipal no que se conclúe:

“ En base a todo o exposto , debido a urxencia da actuación coa finalidade de evitar o derrube incontrolado da edificación, e , por tanto, danos á edificación colindante e ós usuarios do vial público , infórmase favorablemente á concesión da Licenza de obra para a execución da demolición da edificación segundo Memoria Valorada presentada e coa Dirección de obra do arquitecto don Andrés Novoa Pérez, debendo extremarse as medidas de seguridade na execución das obras.”

A xunta de goberno local , por unanimidade , acorda:

-Conceder licenza de obra para o derrube do inmutable sito na rúa San Francisco nº5, segundo a “ Memoria Valorada para derribo de inmueble en rúa San Francisco 5, Ribadavia “ redactado polo arquitecto don Andrés Novoa Pérez.

Dada a urxencia da actuación, o prazo de inicio das obras será a partir do día seguinte ó de notificación da concesión de licenza de obras e o prazo de remate de vinte ( 20) días.

Respecto da seguridade na execución dos traballos.

Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de seguridade e saúde , recollidas na normativa aplicable.

Así mesmo tomaranse as medidas necesarias para garantir a seguridade dos usuarios do vial público.

Manterase en todo momento a limpeza do vial público.

#### **Outorgamento licenza de obras 1743/2018 RIB / C/53.2/18**

Visto o escrito presentado por **Don Juan Luis González Vázquez en representación de Bodegas Casal de Arman SL** , onde solicita Licenza de Obras para Execución de bancais para plantación de viñado en As Baroutas, Santo André de Camporredondo, segundo “ Proxecto de bancais para plantación de viñado” redactado pola enxeñeira técnica agrícola dona Alda Pérez Rodríguez, colexiada nº 204 polo COITA de Ourense e plano de perfís do terreo inicial e plano de perfís do terreo con bancais redactado pola mesma enxeñeira técnica agrícola.

Consta “ Proxecto de bancais para plantación de viñado” redactado pola enxeñeira técnica agrícola dona Alda Pérez Rodríguez, colexiada nº 204 polo COITA de Ourense e plano de perfís do terreo inicial e plano de perfís do terreo con bancais redactado pola mesma enxeñeira técnica agrícola.

Consta informe sectorial favorable sobre actuación en solo obxecto de concentración parcelaria emitido polo Servizo de Infraestruturas Agrarias , Xefatura territorial de Ourense da Consellería de Medio Rural.

*Consta informe favorable da Arquitecto Municipal de data 3 de decembro de 2018.*

*Consta informe do Secretario municipal de data 5 de decembro de 2018.*

*A Xunta de Goberno Local acorda :*

**Conceder licenzas a Don Juan Luis González Vázquez en representación de Bodegas Casal de Arman SL**, o para Execución de bancais para plantación de viñado en As Baroutas, Santo André de Camporredondo, segundo “ Proxecto de bancais para plantación de viñado” redactado pola enxeñeira técnica agrícola dona Alda Pérez Rodríguez, colexiada nº 204 polo COITA de Ourense e plano de perfís do terreo inicial e plano de perfís do terreo con bancais redactado pola mesma enxeñeira técnica agrícola.

### **1.- Condicións xerais:**

*En todo caso é de ter en conta que as licenzas outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.*

*A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.*

*En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.*

*Penalización:* O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

*Caducidade:* A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

### **2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** Bancais para plantación de viñado..

**Contía na que se orzan as obras:** 10.038,67 €

**Situación e emprazamento das obras:** As Baroutas, Santo André de Camporredondo 32070A501006050000TG, 32070A501006060000TQ, 32070A501006070000TP, 32070A501006080000TL, 32070A501006090000TT.

**Nome ou razón social do promotor:** Bodegas Casal de Arman SL.

**Prazos:** O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Tendo en conta que con data 23/8/2018 o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 261,01 € e visto o orzamento estimado , non procede a practica de liquidación complementaria

Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde , recollidas na Ordenanza Laboral da Construcción e demais normativa aplicable.

. Manterase en todo momento a limpeza do vial público

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIUDADÁNS.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-**

Solicitud de información urbanística interesada por don José Escudero Docampo , sobre parcela sita en Muñoz Calero 31, , número de expediente **RIB/N /155/18, 2517/2018** A proposta da Alcaldía, e visto o correspondente informe técnico de data 4.12.2018.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, para parcela sita en Muñoz Calero 31, referencia catastral 1235106NG7813S0001WE , de xeito que se entregará á solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

Solicitud de información urbanística interesada por don José Escudero Docampo , sobre parcela sita en Muñoz Calero 37, referencia catastral , número de expediente **RIB/N /156/18, 2518/2018** A proposta da Alcaldía, e visto o correspondente informe técnico de data 4.12.2018.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, para parcela sita en Muñoz Calero 31, referencia catastral 1235109NG7813S0001YE , de xeito que se entregará á solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

Solicitud de información urbanística interesada por don José Escudero Docampo , sobre parcela sita en Muñoz Calero 46 e 48, , número de expediente **RIB/N /157/18, 2519/2018** A proposta da Alcaldía, e visto o correspondente informe técnico de data 5.12.2018.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, para parcela sita en Muñoz Calero 46 e 48, referencia catastral 1234821NG7813S0001FK , de xeito que se entregará á solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

### **ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO-**

1.- Visto o escrito presentado por don Benito Pinal Hermida solicitando acometida de auga na rúa José María Martínez Vázquez nº3- 1º C , Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 28-11-2018 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

#### **ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO INDUSTRIAL-**

1.- Visto o escrito presentado por O Acio da Sorte solicitando acometida de auga na rúa José María Martínez Vázquez nº1 , baixo , Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial , que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 19-11-2018 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

-Escrito de don José Luis Collarte Romero , con número de rexistro de entrada no concello 5660 de 7 de decembro de 2018, solicitando a reparación do colector de fecais en San Andrés, Rúa As Velas, 26.

A xunta de goberno acorda comunicarlle que se procederá , o máis axiña posible, a reparar a deficiencia.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A xunta de goberno local toma coñecemento dos seguintes:

-Escrito da Dirección Xeral de Políticas Culturais comunicando a prórroga das bolsas de formación en materia de arquivos.

#### **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

Non houbo.

#### **6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**



Non houbo.-

E sendo as dez horas e trinta e sete minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**